

Facultade de Filoxía e Tradución  
Universidade de Vigo

Comisión de Calidade 23/07/2019

Acta da sesión ordinaria da Comisión de calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 1 de outubro en sesión presencial.

**Asistentes:**

*Presidencia*

Luis Alonso Bacigalupe

*Secretaría*

Dolores González Álvarez

*Enlace de Igualdade*

Maribel del Pozo Triviño

*Membros da CC*

*Sector profesorado*

Inmaculada Báez Montero

Helena Cortés Gabaudán

Miguel Cuevas Alonso

Francisco José Ledo Lemos

Lourdes Lorenzo García

Ana Luna Alonso

Carmen Luna Senllés

Ana María Pereira Rodríguez

Alexandre Rodríguez Guerra

Nuria Yáñez Bouza

*Desculpan*

Ana Bringas López (PDI)

Jorge Figueroa Dorrego (PDI)

Raúl Manuel Pérez Álvarez (estudiante)

José Montero Reguera (PDI)

Rosalía Rodríguez Vázquez (PDI)

*Non asisten*

Alba Gil Vicente (estudiante)

Belén Otero Rey (PAS)

Tania Souto Rodal (estudiante)

José Yuste Frías (PDI)

Ábrese a sesión ás 10:14.

Orde do día

**1. Aprobación, se proceder, das actas das sesións anteriores (sesión ordinaria de 10/5/19 e sesións extraordinarias de 7/6/19 e 4/7/19)**

Apróbanse por asentimento.

**2. Informe do Decano**

O Decano informa sobre a inesperada valoración desfavorable da memoria do novo grao por parte da Xunta de Galicia según informan o reitor e o seu equipo de goberno. Aínda que o centro seguiu escrupulosamente as instrucións recibidas por parte da reitoría na elaboración tanto da memoria como das alegacións xurdidas no período de exposición pública, a reitoría trasladou a idea de que para obter unha valoración favorable os contidos do novo grao tiñan que ser novidosos.

Abrese un turno de intervencións no que os asistentes manifestan o seu malestar e coinciden en que é unha falta de respecto cara á Facultade e todas as persoas implicadas na elaboración da memoria. O profesor Alexandre Guerra pide que se inste ao goberno da universidade a negociar e pelexar polo noso grao nas instancias que corresponda.

O decano informa a continuación das primeiras cifras de matrícula, que son máis baixas do esperado sobre todo en Ciencias da Linguaxe e Tradución (excepto no itinerario inglés-español). Aínda que se trata do primeiro prazo e que as cifras poden mellorar moito nos vindeiros prazos, apunta á tendencia á baixa nos últimos anos na matrícula do primeiro prazo.

**3. Aprobación, se procede, da proposta de modificación do regulamento do TFG da FFT**

A vicedecana presenta a proposta de modificación do regulamento de TFG da FFT para adaptalo á nova normativa da universidade que permite que o tribunal sexa unipersoal e os traballos poidan ser avaliados polo titor ou titora. A proposta foi elaborada pola vicedecana e as coordinadoras dos graos en Linguas Estranxeiras e Tradución e Interpretación pois son estes dous os graos que decidiron acollerse ao tribunal unipersoal. Repásase o novo articulado e decídese eliminar o informe do titor previo a defensa en caso de que o tribunal sexa unipersoal. Apróbase a proposta de regulamento por asentimento.

**4. Aprobación, se procede, da proposta de modificación do regulamento do TFM da FFT**

A vicedecana explica que un dos másters optou polo tribunal unipersoal polo que houbo que proceder a modificación do actual regulamento de TFM da FFT para dar acubío ao novo método de avaliación. Apróbase a proposta por asentimento.

**5. Aprobación, se procede, das guías docentes dos cursos segundo, terceiro e cuarto dos graos, e as dos másteres da FFT.**

Sométense a aprobación as guías docentes dos tres graos da facultade e de tres dos catro másters. As guías do MEIA aprobaranse nunha xuntanza porque houbo cambios na memoria que implican modificacións en número de créditos que aínda non se poden reflectir no aplicativo. A vicedecana explica o proceso de

elaboración e revisión das guías e agradece o esforzo aos coordinadores e coordinadoras dos títulos. Apróbanse todas as guías por asentimento.

## 6. Rolda de intervención

Non hai

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión as 11:35.

Vigo, 23 de xullo de 2019

Visto e prace do Decano

A secretaria (Vicedecana de calidade)



José F. Montero Reguera

María Seijas Montero

### DILIXENCIA

Para facer constar que esta acta foi aprobada na Comisión de Calidade ordinaria do 21/07/2020

A/O Secretaria/o da Comisión de Calidade



María Seijas Montero